



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

De:

Eduardo José Parga Veiga
Alcalde
Concello de Malpica de Bergantiños

A:

Todas as entidades sociais e culturais do Concello de Malpica

Estimados/as amigos/as:

No ánimo de aclarar os aspectos non regulados polo Regulamento de Réxime Interno do Centro Cívico, infórmase a todos os usuarios do procedemento para solicitude e resolución da concesión de espazos dos centros socioculturais para a **realización de actividades anuais e dos centros de ensino no curso 2018-2019:**

- 1.- A solicitude de espazos no Centro Cívico realizarase no rexistro xeral do Concello de Malpica, **a través do rexistro electrónico**, no formulario establecido ao efecto, no que se indicará a actividade para a que se solicita e as características técnicas que se precisan (metros cadrados, equipamento da sala, etc.).
- 2.- O prazo de solicitude estará aberto do ata o 28 de setembro de 2018.
- 3.- O Alcalde, a proposta da Concellería de Educación e Cultura, resolverá as solicitudes no prazo máximo de 5 días a partir da data de remate do prazo de solicitude.
- 4.- O Alcalde, a proposta da Concellería de Educación e Cultura, poderá resolver a concesión de espazos dos Centros socioculturais diferentes dos sinalados como preferentes por cada entidade, sempre que cumpran coas características necesarias para a realización da actividade para a que se solicitan.
- 5.- En caso de coincidir 2 ou máis solicitudes para os mesmos espazos, en horarios coincidentes, a Concellería de Educación, Cultura e Turismo convocará aos interesados co obxecto de estudar coas partes as posibles solucións. En caso de non acadarse un acordo, a Alcaldía, a proposta da Concellería de Educación, Cultura e Turismo, resolverá como estime máis convinte para garantir o dereito das entidades solicitantes ao uso dos espazos dos centros socioculturais e **promover un clima de convivencia, tolerancia, cooperación e boa veciñanza** entre as diferentes entidades que usan estes espazos.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

6.- A resolución de concesión de espazos para uso anual e uso dos centros de ensino deberá respectar a programación xeral de actividades do Concello de Malpica e as programacións dos Departamentos de Educación e Cultura e Servizos Sociais (Mostra de teatro, Programacións de Nadal, Entroido, Nos tempos das letras, Malpica verán, Aula de lecer, Actividades de maiores, etc.).

7.- **As programacións de actividades do Concello de Malpica poderán implicar a anulación temporal das autorizacións de uso de espazos do Centro Cívico a terceiros.** De ser posible, o Concello ofertará espazos alternativos aos previamente autorizados.

Asinado electronicamente polo Alcalde de Malpica, Eduardo José Parga Veiga, na data que figura ao marxe.